

► **DATA:** 4 e 5 de maio ► **LUGAR:** Castelo de Santa Cruz ► **HORARIO:** Sábado de 10 a 14 h e de 15:30 a 19:30 h; domingo de 10 a 14 h ► **CUSTE:** 40 €

A fotografía dixital ofrece un mundo de posibilidades a hora de coñecer o noso contorno natural. Aprender a fotografar paisaxes, flora ou fauna nos axudará a valorar o noso contorno natural. Preténdese que os participantes saquen o máximo proveito ao seu equipo fotográfico.

Ciclo de proxeccións audiovisuais

► **DATA:** 9 de xuño ► **LUGAR:** Castelo de Santa Cruz ► **HORARIO:** De 10 a 20 h

Un dos obxectivos que perseguen as imaxes que ilustran este ciclo é estimular a práctica fotográfica responsable entre os asistentes. A forza dunha imaxe debe ir acompañada da responsabilidade de dar a coñecer o noso patrimonio natural. O programa o forman recoñecidos profesionais da fotografía que nos regalan fermosas paisaxes e historias, resultado de moitas horas de traballo e dedicación.



© Jesús Serrano

Organiza:



Patrocina:



Colabora:

Castelo de Sta. Cruz, s/n 15179 Liáns, Oleiros (A Coruña)
Teléfono 981 630 618 Fax 981 614 443
www.ceida.org formacion@ceida.org

III CONGRESO NATUREZA E IMAXE

Maio e Xuño 2013



© Fran Nieto

ABEGONDO

Test de biodiversidade

► **DATA:** Sábado, 1 de xuño ► **LUGAR:** Encoro de Cecebre ► **HORARIO:** De 10 á 14 h

Unha convocatoria dirixida a toda a cidadanía interesada en coñecer a diversidade paisaxística e natural do encoro de Cecebre. O obxectivo é fotografar paisaxe, flora, fauna, etc, e subila posteriormente a una plataforma dixital onde un grupo de expertos categoriza e clasifica dita información.

ARTEIXO

Obradoiro de fotografía. Prácticas no medio natural, Fran Nieto

► **DATA:** Sábado, 8 de xuño ► **LUGAR:** Centro Cívico Cultural ► **HORARIO:** De 11 a 14 h e de 16 a 20h ► **CUSTE:** 30 €

Preténdese proporcionar aos asistentes os coñecementos técnicos e artísticos básicos para conseguir tomas de calidade nas súas saídas ao campo. Realizarase unha saída práctica ao Río Sisalde.

BERGONDO

Conferencia introdutoria á fotografía de natureza, Fran Nieto

► **DATA:** Mércores, 8 de maio ► **LUGAR:** Centro sociocultural A Senra ► **HORARIO:** Ás 11 h ► **DESTINATARIOS:** Rapaces do CPI Cruz do Sar

Exposición "O límite do mar", Fran Nieto

► **DATA:** Do 2 ao 29 de maio ► **LUGAR:** Centro sociocultural A Senra ► **HORARIO:** Luns-venres de 11 a 13 h e de 15:30 a 21:30 h; sábados de 11 a 13 h

A finalidade é crear unha inquietude por descubrir os seus coñecementos da natureza a través da fotografía. Na exposición presentase o tramo da Costa Ártabra comprendido entre cabo Prioriño e a praia de Valdoviño que goza dun bo estado de conservación.



© Jesús Serrano

BETANZOS

"Ollando a Lusofonía", exposición colectiva

► **DATA:** Do 17 ao 29 de maio ► **LUGAR:** Sala de exposicións do Edificio Liceo ► **HORARIO:** Luns-venres de 10 a 14 h e de 19 a 21 h; sábados, domingos e festivos de 12 a 14 h

As imaxes amosan pequenos pedazos da paisaxe dos seus lugares de orixe, da riqueza do seu territorio, retratos da súa vida cotiá, das súas xentes. Contrastes e unión compartindo espazos e achegando os países lusófonos aos visitantes a esta exposición.

CAMBRE

Exposición "Unha ollada natural", Calros Silvar

► **DATA:** Do 13 de maio ao 1 de xuño ► **LUGAR:** Sala de Exposicións da Biblioteca Central ► **HORARIO:** Luns-venres de 10 a 13 h e de 16 a 20 h; sábados de 10 a 13 h

Esta exposición a forman 24 láminas con ilustracións de flores, fungos, fentos, árbores, tamén de insectos, réptiles, anfibios, paxaros, grandes e pequenos mamíferos, e outros, que, como se de fotografías se tratasen, amosan ata o mais mínimo detalle a fermosura da natureza que nos rodea.

CARRAL

Exposición "Doce e Salgada", Fran Nieto

► **DATA:** Do 15 de maio ao 16 de xuño ► **LUGAR:** Edificio social Toñito Espiñeira ► **HORARIO:** Luns-venres de 10 a 14 h e de 16:30 a 20 h

A mensaxe que se intenta transmitir é que "cada gota é importante", que a auga para o consumo humano e un ben imprescindible, relativamente escaso e moi sensible as actividades humanas. Facer todo o posible para coidala e mantela en óptimas condicións é a nosa obriga.

CULLEREDO

Obradoiro de fotografía. Prácticas no medio natural, Fran Nieto

► **DATA:** 9 e 10 de maio ► **LUGAR:** Xardín Botánico do Burgo ► **HORARIO:** Xoves 9 de 18 a 22h; venres 10 de 18 a 21h ► **CUSTE:** 30 €

Preténdese proporcionar aos asistentes os coñecementos técnicos e artísticos básicos para conseguir tomas de calidade nas súas saídas ao campo. Realizarase unha saída práctica á Ría e ao Xardín Botánico do Burgo.

SADA

Conferencia introdutoria á fotografía da Natureza, Fran Nieto

► **DATA:** Mércores, 15 de maio ► **LUGAR:** Casa da Cultura Pintor Lloréns ► **HORARIO:** Ás 20 h

Exposición "Courel, Terra de Soutos", Fran Nieto

► **DATA:** Do 23 de abril ao 15 de maio ► **LUGAR:** Casa da Cultura Pintor Lloréns ► **HORARIO:** Luns-venres de 9 a 14 h e de 16 a 20 h; sábados de 9 a 14 h

Con estas actividades preténdese impulsar a fotografía da natureza entre a cidadanía como medio de coñecer e valorar o noso medio natural para as xeracións futuras, como a serra do Courel que atesoura un importantísimo patrimonio natural e etnográfico, froito dunha convivencia relativamente pacífica entre o home e a natureza desde tempos inmemoriais.